

Atlas das Aves de Galicia 2008-2012 / Atlas de las Aves Invernantes de España

Estimados soci@s,

Dende a **SGO** estamos a dar os primeiros pasos na elaboración do “*Atlas das aves de Galicia 2008-2012*”, un traballo que pretende abordar o ciclo anual da avifauna presente no noso territorio. Como xa se acordara na última Asemblea Xeral unha comisión comezou a dar os primeiros pasos de cara a consecución deste ambicioso obxectivo. Así, despois de elaborar a metodoloxía, agora estase a tratar o posible financiamento do proxecto.

Coincidindo no tempo, **SEO/BirdLife** (Sociedad Española de Ornitología / BirdLife) promoveu a elaboración do “*Atlas de las aves invernantes en España*” que comeza neste período invernal 2007-08 e que se desenvolverá durante 3 invernos consecutivos.

Neste traballo preténdese cartografiar a invernada de aves en todo o territorio do estado, a través da realización de transectos polos hábitats máis representativos de cada cuadrícula UTM de 10 x 10 km, e de puntos de observación en áreas mariñas costeiras e outros hábitats singulares. O seu fin é detectar aquelas áreas máis interesantes para a invernada e avaliar a importancia dos efectivos. A través da información xerada con metodoloxía científica, no futuro poderanse comparar a evolución da invernada e os seus cambios.

A ninguén se lle escapa o interese da invernada no ciclo vital das aves, unha época dura onde os exemplares das distintas especies deben buscar zonas favorables para sobrevivir. Tampouco se pode esquecer a realidade da evolución climática no último século, o chamado quencemento global, que sen dúbida ha de afectar á distribución das aves no futuro. Lembremos tamén a grande importancia de Galicia na invernada de aves en España, con efectivos importantes de especies mariñas nesta época, como a pardela balear, as mobellas e os corvos mariños, entre moitas outras.

Debido ao solapamento dos proxectos das dúas entidades, dende a Xunta Directiva da SGO estimamos preciso que a nosa organización se implique no proxecto estatal, a fin de evitar unha duplicidade innecesaria do traballo, así como contribuír activamente a mellorar a cantidade e calidade dos datos obtidos en Galicia.

En poucos días a SGO procederá a asinar un convenio de colaboración con SEO/BirdLife, polo que a primeira se compromete a coordinar e impulsar o traballo de campo en Galicia, a cambio de que a segunda preste asistencia na interpretación final dos datos nunha publicación prevista pola SGO. As liñas do acordo entre ambas entidades pódense consultar na nosa páxina web www.sgosgo.org, onde o documento permanecerá a exposición para que os socios nos fagan chegar calquera tipo de comentario ou corrección sobre o mesmo (sgosgo@sgosgo.org). Con esta medida pretendemos darlle total transparencia a todo o proceso de acordo.

A colaboración xeral no Atlas realízase de forma voluntaria e altruísta. De forma paralela estableceranse censos e itinerarios complementarios que serán realizados por diversos colaboradores contratados por SEO/BirdLife. A metodoloxía é moi novedosa, pois se xeran modelos predictivos a partir do traballo de campo, tanto de carácter cualitativo como cuantitativo.

Finalmente, como cremos moi positivo o acordo e o proxecto, solicitamos a colaboración de todos, mesmo que non sexan socios da SGO, para levar adiante este interesante proxecto, inédito en Galicia. Para poder participar é preciso ter un coñecemento aceptable das especies de aves invernantes da nosa terra e capacidades para a súa detección, polo demais non esixe especiais habilidades para un observador con experiencia media. En todo caso é unha motivación especial para "refrescar", nunca mellor dito, os nosos coñecementos.

Sen outro particular, esperando a vosa participación, deixámosvos os e-mails dos coordinadores, a través dos que poderedes solicitar a vosa participación. É moi importante que leades previamente e con detalle a metodoloxía, que pode consultarse directamente en www.seo.org ou tamén acceder a través da nosa propia páxina www.sgosgo.org, onde tedes ademais os teléfonos dos coordinadores galegos.

A Coruña: Miguel Ángel Conde Teira (condeteira@hotmail.com) 676800833

Lugo: Xabier Vázquez Pumariño (xabiervp@gmail.com) 607143244

Ourense: Martiño Otero Cabana (mcohyla@yahoo.es) 630948293

Pontevedra: Cosme Damián Romai Cousido (cdromai@gmail.com) 627026911

Un atento saúdo

A Xunta Directiva da SGO

Presidente: Andrés Bermejo Díaz de Rábago

Vicepresidente: Augusto de Castro Lorenzo

Secretario: Juan Carlos Epifanio Lemos

Tesoureiro: Graciela Fernández Arrojo

Vogais: José Manuel Martínez Mariño, Jesús Taboada Martínez, Óscar Rivas López, Cristóbal Pérez Pérez, Juan Rodríguez Silvar.

28 de novembro de 2007